



1. **A banda** (Vaamonde/María)
2. **As pantasma**s (Alonso)
3. **Fóra do meu control** (Diz)
4. **Son o último** (Mateo/Nóvoa)
5. **Sonhos** (Os Amigos dos Músicos)
6. **O dourado** (Nóvoa)
7. **O maio** (Enríquez/Batallán)
8. **Todo medre** (Mateo)
9. **A cociña de Celeiro** (Santos/Alonso)
10. **Outono** (Mateo/Pedrouzo)

Editado por **Gran Derby Records**

Referencia: **GD022**

Distribuidor: **Gran Sol**

Formato: **LP+CD / CD / Dixital**

Os Amigos dos Músicos son/foron: Jaime Mateo, Arcadio Nóvoa, Raúl Diz, Daniel Alonso, Druso L. Pedrouzo, Álvaro A. Rivera e Xurxo Brea.

Gravado nos Estudios A Ponte, en Roxos, Santiago de Compostela. Producido por Os Amigos dos Músicos. Enxeñeiro de son: Tomás Ageitos. Mesturado por Druso L. Pedrouzo.

Masterizado por Dr. Chou.

Fotografías de Federico Álvarez.

Deseño de María Grande.

PRENSA E CONTRATACIÓN:

[nos@osamigosdosmusicos.eu](mailto:nos@osamigosdosmusicos.eu)

VÍDEO | [Vídeo clip de 'A banda'](#)

FOTOGRAFÍA | 1 | 2 | 3 |

## Os Amigos dos Músicos

LP + CD / CD / Dixital

Gran Derby Records 2016

Data de lanzamento: 14 de outubro de 2016

*Premio Martín Códax 2017 a mellor grupo de pop*

*Mellor disco do 2016 en Galicia*

*Nº5 mellores discos de americana/folk en 2016 (Mondosonoro)*

*El resultado posee una lógica interna demoledora, plagado de honestidad y autenticidad. (El Mundo).*

*Un auténtico clásico contemporáneo de la música gallega. (Rockdelux).*


*Es una preciosidad de disco. (Islas de Robinson).*

*Una de las piezas clave del folk-pop gallego. (Ruta 66).*

Os Amigos dos Músicos recollen no seu primeiro disco un conxunto de cancións nas que xuntan o propio co alleo para dar forma a un discurso fragmentado, no que as distintas voces se van sucedendo, mais no que aos poucos vai emerxendo a coherencia do horizonte.

A banda, que sempre buscou referentes na canción popular galega, establece con este álbum un compás para dirixirse en tal singradura. As coordenadas que, dun xeito simbólico mais tamén obxectivo, marcan Curros Enríquez, Suso Vaamonde, Manuel María e Luis Emilio Batallán son o risón que permite pararse e levantar a vista, mais só para proseguir a viaxe. Unha mostra deste ánimo de descuberta son os seus concertos, nos que Os Amigos dos Músicos presentan o seu amplo rexistro musical a través da sutileza dos cambios de dinámica e a mestura das distintas voces que compoñen a banda.

Despois dun tempo percorrendo os palcos do país, Os Amigos dos Músicos presentan un traballo que máis que un resumo do anterior pretende ser unha introdución a un tempo novo.



## **Pink floyd chuscoulle o ollo a Andrés do Barro e inventou Ourense.**

## **Intermitencia de luz. Chuscadela prodixiosa. Os Amigos dos Músicos.**

Por Xurxo Souto

As melodías avanzan decididas cara un horizonte difuso, pouco definido, dispostas a crear unha nova estética no próximo relanzamento.

Non podemos seguir os músicos, máis quedamos habitando na vibración que nos deixan no seu paso. Marabilloso.

Multiverso. Cruzamos a porta cada catro minutos –media aproximada-. Feliz abismo de non saber que nova dimensión agarda en cada peza.

Todo o disco é viaxe cara ese novo horizonte. E, ao tempo, tamén a nostalgia infinita dun regreso. Camiño directo cara ese estado alterado de conciencia que se chama Ourense.

Intermitencia de luz, bagazo de melodía, impregnación, para que podan seguir avanzando os músicos.

Por iso, cada noite, antes de me deitar, teño a imperiosa necesidade de entrar na cociña de Celeiro. Porque, tras de tan longa viaxe, tras de tanta sobre-estimulación, aínda queren máis. E ofrécennos de remate, no fondo desa estancia, unha ventá como meta -ben aberta- para seguir a soñar con todo o mar.



Contratación:  
[info@culturactiva.org](mailto:info@culturactiva.org)  
981 582 836